



Máster en Enxeñaría Ambiental

Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981563100 Ext. 16778

Santiago de Compostela, 11 de Xuño de 2009

Estimados compañeiros,

envíovos este documento informativo para tentar plasmar o estado actual daquelas cuestións máis relevantes do noso Máster en Enxeñaría Ambiental.

PDA - GUIAS DOCENTES

Dende o pasado 25 de marzo de 2009 (data en que foi aprobado pola Comisión Académica) o noso PDA está definido e foi aprobado (aínda que verbalmente) polo SXOPRA (Vicerreitorado de Oferta Docente e EEES), de aí as cartas que dende esta coordinación se enviaron a cada departamento.

Agora ben, a aprobación oficial aínda non chegou.

As explicacións dadas dende o SXOPRA ao respecto achacan este feito á excesiva carga de traballo destes meses derivada da aparición de un alto número de novos Graos e Máster para o vindeiro setembro. E, aínda que os números globais do noso Máster están definidos, é preciso realizar un traballo adicional (especialmente informático) para a transición dende o plano actual de 120 ECTS ao do novo curso académico, de 90 ECTS.

Por elo, aínda non é posible incluír as guías docentes para o ano que ven, pois na Secretaría Virtual aínda non está activada a pestaña para o vindeiro curso. En todo caso, como me consta que xa empezaron a traballar no tema, **recoméndase que se teñan as guías docentes preparadas para en canto se active a Secretaría Virtual, podelas introducir**, ademais de enviarmas a min coma Coordinador do Máster. En canto teña información ao respecto, será comunicada.

ACTAS (ACTA ÚNICA vs. 1ª e 2ª EDICIÓN)

Como sabedes, o pasado 3 de Xuño enviouse un escrito dende a Secretaría Xeral acerca do peche das actas, onde se facía unha mención expresa aos Graos e Máster que non seguen o esquema tradicional de 1º e 2º cuadrimestre, coma é o noso caso.

Na citada instrución indícanse dous prazos para o peche: un a finais de Xuño (20) para os alumnos que superaron a materia ao longo do curso, e un segundo período entre o 6 e o 21 de Xullo para os alumnos non presentados ou suspensos que vaian aos exames de Xullo.

Trala miña consulta coa Secretaría Xeral, indicáronme que sería posible seguir traballando con acta única como fixemos ata o de agora (pechando unicamente as actas a finais de Xullo), pero sería máis conveniente de cara aos alumnos xa aprobados facer uso desa primeira edición en xuño para axilizar os seus expedientes.

Polo tanto, segundo a citada instrucción procederíase a un primeiro peche das actas entre 4 e o 20 de Xuño, e a un segundo para os alumnos que o necesitasen, entre o 6

e o 21 de Xullo. Pero tamén sería posible ir directamente a Xullo sen usar esa primeira edición.

En todo caso, este é un asunto que compete directamente a cada profesor, a Coordinación do Máster o único que pretende con este mensaxe é clarificar as diferentes vías posibles.

PLAN NOVO P4012 (90 ECTS) E PLAN VELLO P4011 (120 ECTS)

O vindeiro ano unicamente se impartirán as materias correspondentes ao Plan Novo de 90 ECTS.

Sen embargo, tódolos profesores que impartan materias no Plan Novo verán nas súas actas a súa materia por duplicado porque administrativamente se vai manter o Plan Vello (para que os alumnos que empezaron no curso 2008-09 e que así o desexen poidan rematar segundo ese Plan).

Iso quere dicir que a maior parte das materias do Plan Vello serán “incluídas” nas materias do Plan Novo. Este é exactamente o traballo que están a facer agora dende o XSOPRA. Por outra banda, as materias que non teñen continuación no novo Máster extinguíranse dando dereito a exame.

En todo caso, unha vez se remate este traballo dende o XSOPRA farei a comunicación pertinente.

VERIFICACIÓN POSITIVA DO MÁSTER DE ENXEÑARÍA AMBIENTAL (90 ECTS)

O día 1 de Xuño de 2009 a ANECA enviou unha notificación informando de que a proposta do novo Máster en Enxeñaría Ambiental de 90 ECTS, coa que empezará a traballar a partires do vindeiro mes de setembro de 2009, foi verificado positivamente polo procedemento abreviado. Polo tanto este Máster xa está axustado e cumpre as condicións indicadas no RD 1397 /2007.

COORDINADORES DE MÓDULOS

Na pasada reunión do 3 de Xuño de 2009, e unha vez definidos a totalidade dos profesores que impartirán docencia no Máster no vindeiro curso académico, a Comisión Académica procedeu a elaborar unha nova lista de coordinadores dos 7 Módulos dos que constará esta nova edición do Máster a 90 ECTS, que é a seguinte:

- Módulo 1 (Fundamentos): Gumersindo Feijoo Costa
- Módulo 2 (Tratamento de augas): Juan Manuel Antelo Cortizas
- Módulo 3 (Contaminación atmosférica): José Antonio Souto González
- Módulo 4 (Solos e Residuos): Rosa Calvo de Anta
- Módulo 5 (Prácticas externas): Francisco Omil Prieto
- Módulo 6 (Xestión Ambiental): Almudena Hospido Quintana
- Módulo 7 (Proxecto Fin de Carreira): Carlos Álvarez Fernández

As funcións do coordinador de módulo son basicamente 4:

- 1.- Unha vez recibido o calendario xeral da titulación elaborado polo coordinador, xestionalo dentro do módulo en coordinación cos profesores do mesmo.
- 2.- Antes do módulo é preciso definir cos profesores do mesmo un documento para darlle aos alumnos na sesión de presentación onde se recollan de forma resumida a programación dos traballos, tarefas e actividades a realizar.
- 3.- Despóis do módulo considérase convinte manter unha reunión cos profesores do módulo para avaliar os resultados obtidos.
- 4.- Participar nunha reunión final de coordinadores de módulo e Máster para avaliar os resultados obtidos, analizar os problemas e plantexar propostas de mellora para o vindeiro curso.

Prégase por parte do profesorado a máxima colaboración con estas tarefas de coordinación.

PAXINA WEB - HORARIOS CURSO 2009-10

De momento, a páxina web institucional da USC que da información sobre todos os Másters (xestionada polo Vicerreitorado) non está operativa.

En todo caso, lembraros que a páxina de referencia para coñecer toda a actualidade do Máster está na páxina web da ETSE:

www.usc.es/etse Seleccionar “**Enxeñaría Ambiental**” no epígrafe “**Titulacións**”

Nesa páxina imos plasmando toda a actualidade referente a calendarios de clases e exames, oferta e presentación de PFCs, etc., así como calquera outra iniciativa de interese que se faga chegar.

Horarios

Na citada páxina podedes ver o primeiro borrador dos horarios que a Comisión Académica aprobou para o vindeiro curso 2009-10.

Unha vez aprobado o PDA, o coordinador do Máster xuntamente cos coordinadores de módulo elaborarán as propostas definitivas, pero respetando para cada módulo o marco temporal indicado na actualidade na páxina web.

INFORMACIÓN XERAL DO MÁSTER

Achégovos un documento anexo cos diagramas, esquemas temporais e aqueles datos máis relevantes que definen o Máster en Enxeñaría Ambiental que empezaremos a impartir a partir do 14 de setembro de 2009.

Este documento pode difundirse libremente a calquera interesado no Máster.


RESUMO

Puntos pendentes de definir ou accións a realizar nos vindeiros días/semanas:

- Profesorado: **Peche de actas** (1ª ou 2ª edición)
- SXOPRA: **Aprobación final do PDA**
- Profesorado: Incorporación das **Guías docentes** á aplicación informática así coma o seu envío ao Coordinador do Máster.

Graciñas pola vosa atención. Espero que todo vaia ben e non teñamos demasiados imprevistos nestas últimas semanas antes do verán.

Unha aperta,



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental